



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A Orde SND/380/2020, do 30 de abril, sobre as condicións nas que se pode realizar actividade física non profesional ao aire libre durante a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no art. 5.2. establece que as franxas horarias previstas neste artigo non serán de aplicación a aqueles municipios e entes de ámbito territorial inferior ao municipio que administren núcleos de poboación separados cunha poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes, nos que a práctica das actividades permitidas por esta orde poderase levar a cabo entre as 6:00 horas e as 23:00 horas.

A Delegación do Goberno de Asturias na súa páxina oficial da plataforma Twitter en relación coa aplicación no Principado de Asturias da Orde anterior o 01/05/2020 sinalou:

"O punto que di que non haberá tramos horarios en "aqueles municipios e entes de ámbito territorial inferior ao municipio que administren núcleos de poboación separados cunha poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes". Tras consultar co Goberno, comunicamos á Federación Asturiana de Concellos que en Asturias, o ámbito territorial de aplicación da norma é o núcleo de poboación, non o concello. Por tanto, nos núcleos de menos de 5.000 habitantes non haberá franxas horarias nos paseos e prácticas deportivas".

O apartado 1 do artigo 6 do Estatuto de Autonomía de Asturias recolle que os seus municipios recibirán a denominación de concellos, nome tradicional dos mesmos: "O Principado de Asturias organízase territorialmente en municipios, que recibirán a denominación tradicional de Concellos, e en Comarcas".

Tendo en conta a consulta realizada pola Delegación do Goberno de Asturias ao Goberno e a resposta dada á Federación Asturiana de Concellos, dende o Concello de Ordes, polo Secretario Xeral, formulouse no día de onte unha consulta por correo electrónico ante esa Subdelegación do Goberno preguntando se en Galicia debíamos tamén entender que o ámbito territorial de aplicación da Orde SND/380/2020, do 30 de abril é o núcleo de poboación, non o municipio. Por tanto, nos núcleos de menos de 5.000 habitantes non haberá franxas horarias nos paseos e prácticas deportivas.

No día de hoxe recibíuse contestación desa Subdelegación do Goberno á consulta realizada polo Concello de Ordes, coa resposta seguinte: "En relación a su consulta le indicamos que el artículo 153 de la Ley 5/1997, de 22 de julio, reguladora de la Administración Local de Galicia indica la posibilidad de que núcleos con características peculiares propias puedan constituirse en Entidades Locales Menores.

En el registro de la Xunta de Galicia no existe ninguno perteneciente a la provincia de A Coruña.

Por ello, ese concello deberá observar lo dispuesto en la OM NSD 380/2020 sobre franjas horarias en municipios de más de 5000 habitantes".



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Considerando que a resposta que se nos traslada dende esa Subdelegación do Goberno para nada ten en conta, nin analiza os feitos e os argumentos que motivan a pregunta que formula o Concello de Ordes en relación coa aplicación da OM NSD 380/2020, que a resposta é xenérica, sen unha mínima motivación ou interpretación da norma, e que nos estamos a encontrar cunha interpretación e aplicación de forma distinta das condicións nas que se pode realizar actividade física non profesional ao aire libre durante a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 en distintas comunidade autónomas, cun claro prexuízo para galegos con respecto aos cidadáns que gozan da condición política de asturianos.

Por todo elo, **solicítolle** que se aclare por que dous órganos da Administración Xeral do Estado coa mesma competencia material pero con distinta competencia territorial están a interpreta e aplicar unha Orde do Ministerio de Sanidade de forma distinta ou ben formule consulta ante o Sr. Ministro de Sanidade, como órgano habilitado de acordo co establecido no art. 4.3 do R.D. 463/2020, de 14 de marzo, para ditar as ordes, resolucións, disposicións e instrucións interpretativas que, dentro do seu ámbito de actuación como autoridade delegada, sexan necesarias para garantir a prestación de todos os servizos, ordinarios ou extraordinarios, en orde á protección de persoas, bens e lugares, mediante a adopción de calquera das medidas previstas no artigo once da Lei Orgánica 4/1981, do 1 de xuño, e por tanto ao que en última instancia lle corresponde resolver as dúbidas interpretativas derivadas da súa aplicación práctica, dando no seu caso traslado a este Concello da resposta recibida.

Ordes, 5 de maio de 2020

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo

SRA. SUBDELEGADA DO GOBERNO en A CORUÑA